



1. APROVEITAMENTO NA AULA

Non é pretensión deste curso mostrar o uso de ferramentas TIC na aula, senón máis ben de que maneira se pode poñer en positivo o uso que os menores fan xa das utilidades da rede da que estivemos falando.

Partimos do feito irrenunciable de que hai que respectar os límites legais. Isto quere dicir que inda que saibamos que os menores de 14 anos teñen conta nalgunha rede social ou dispoñen de correo electrónico, non nos autoriza para traballar con eses instrumentos. Deste xeito, cos menores de 14 anos estaremos bastante limitados, inda que hai algún servizo, como veremos, que si se pode usar.

1.1. REDES SOCIAIS EDUCATIVAS

Se queremos usar redes sociais na aula, temos que recorrer ás específicas que hai para educación. Non hai unha sola, pero quizais a que maior posibilidades dá e é máis doada de manexar é [Edmodo](#). Trátase dunha ferramenta que permite crear unha rede privada para a aula ou o centro, onde os alumnos e alumnas non necesitan crear ningunha conta de correo para rexistrarse, e onde é o docente o que autoriza os rexistros. Posibilita a creación de grupos, permite facer avaliacións, poñer cualificacións, mensaxería interna, perfís do alumnado, calendario... Se tedes interese en experimentalala, déixovos un [outro tutorial](#) máis en Slideshare.

1.2. VIDEOS

Creo que non descubrimos nada se falamos da potencialidade educativa dos vídeos. Sempre se utilizaron en educación, e agora portais como *Youtube* ofrécennos infinidade de recursos. Ao ser un sitio visitado polos alumnos e alumnas, e sentirse familiarizados con el, seguro que entran cunha actitude moito máis positiva.

Youtube ten unha [canle educativa](#), onde recollen vídeos de tipo educativo. Inda que nun principio só contaba con material en inglés pouco a pouco comezan a existir vídeos en máis idiomas. Existen outros sitios que recompilan vídeos para educación, como [Educatube](#) ou experiencias como [Cliphistoria](#), unha canle de recursos audiovisuais para o ensino da Historia de España a través de clips de filmes e ao tempo unha

reivindicación do cinema español e latinoamericano, e que é unha iniciativa de Manuel González, profesor de Historia no IES Concepción Arenal de Ferrol.

1.3. TWITTER

Soamente no caso de ter alumnos e alumnas maiores de 14 anos se pode usar este servizo que dá unhas posibilidades increíbles. Déixovos algúns enlaces onde se propoñen formas de uso na aula:

- [Blog Educativa](#)
- [Redes sociais educativas](#)
 - [25 usos didácticos de Twitter](#)

1.4. BLOGS

Un recurso do que non hai que falar demasiado porque son moitas as escolas e aulas que o utilizan xa na actualidade. É unha boa forma de integrar moitas das habilidades do alumnado para o traballo na web 2.0. E supón a integración de varias das ferramentas que usan a cotío no seu tempo libre: visionado de vídeos e fotos, comentarios en foros, subida de contidos, buscas en Internet...

Os servizos máis usados para a creación de blogs son [Blogger](#) e [Wordpress](#), este último un pouco máis complexo pero con máis posibilidades que o primeiro